



Facultade de Comunicación

Grao en Comunicación Audiovisual

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P04G071V01101	Lingua Española: Expresión textual e visual	1c	6
P04G071V01102	Socioloxía: Socioloxía da comunicación	1c	6
P04G071V01103	Comunicación: Teoría e técnica da imaxe	1c	6
P04G071V01104	Comunicación: Comunicación escrita	1c	6
P04G071V01105	Teoría e técnica da fotografía	1c	6
P04G071V01106	Comunicación: Teoría e historia da comunicación	2c	6
P04G071V01107	Comunicación: Documentación audiovisual	2c	6
P04G071V01108	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais	2c	6
P04G071V01109	Teoría e técnica cinematográfica	2c	6
P04G071V01110	Comunicación radiofónica	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua Española: Expresión textual e visual**

Materia	Lingua Española: Expresión textual e visual			
Código	P04G071V01101			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Fernández Soneira, Ana María			
Profesorado	Fernández Soneira, Ana María			
Correo-e	anafe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo estudar os elementos lingüísticos que entran en xogo na comunicación audiovisual e analizar a linguaxe audiovisual.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo			
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.			
B2	Coñecer a realidade político-social do mundo na era da comunicación global.			
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.			
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.			
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.			
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos			
C1	Coñecer o uso correcto oral e escrito das linguas oficiais como forma de expresión profesional na industria audiovisual.			
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.			
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.			
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.			
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Mostrar unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita en lingua española	A1	B4	C1	D2
Analizar a comunicación audiovisual desde unha perspectiva lingüística (gramatical, pragmática e estilística)		B1 B5 B6		D2
Recoñecer as funcións da linguaxe que poden formar parte da mensaxe audiovisual	A1	B1	C1	D1
Saber diferenciar as características da linguaxe empregada na comunicación audiovisual, os medios de difusión, os canais elixidos, e o tipo de destinatario da mensaxe e saber adaptar o código lingüístico a estas características.	A1	B5	C1	D4
Analizar mostras comunicativas, principalmente audiovisuais, co obxectivo primeiro de aprender a criticar modelos, sobre todo no que atinxe as características propias de elaboración dun texto: adecuación, coherencia e cohesión	A1	B1 B4 B5 B6 B7	C1	D2
Aprender a manexar os recursos da lingua española para a creación de mostras de lingua creativas, orais, escritas e audiovisuais	A1	B4 B6 B7	C1	D4
Favorecer a expresión de ideas dunha maneira independente, orixinal e tolerante.	A1	B2 B5 B6	C1	D1 D2 D3

Contidos	
Tema	
1. A comunicación, a linguaxe e as linguas: a lingua española	1.1. A comunicación e a linguaxe 1.2. Funcións da linguaxe 1.3. A comunicación verbal e non verbal 1.4. A comunicación audiovisual 1.5. Os xéneros audiovisuais
2. Os niveis e rexistros de uso lingüístico no ámbito audiovisual	2.1. Os medios audiovisuais 2.2. Norma e uso de español nos medios 2.3. Situacións comunicativas e rexistros lingüísticos
3. Análise e composición de textos, escritos, orais e audiovisuais, en español	3.1. Coherencia e cohesión 3.2. Norma e uso do español nos medios 3.3. Intertextualidade 3.4. Modos de escrita: da recensión ao ensaio crítico.
4. Cultura e cine: do texto á adaptación	4.1. Literatura e cine: narrar con palabras e con imaxes 4.2. Linguaxe audiovisual
5. As linguas da cinematografía (galego e español). Estudo de casos	5.1. Análise de mostras audiovisuais 5.2. Crítica de modelos textuais e audiovisuais
6. Do escénico ao fílmico	6.1. Linguaxe audiovisual no cinema 6.2. Linguaxe audiovisual nas series contemporáneas

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	12	30	42
Resolución de problemas de forma autónoma	10	28	38
Presentación	1	10	11
Lección maxistral	22	11	33
Debate	2	7	9
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	Prácticas de análise, crítica e produción de textos escritos, orais e audiovisuais e presentacións orais (individuais e grupais) sobre contidos do temario. Elaboración de mostras audiovisuais vencelladas a contidos formativos e lingüísticos.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os alumnos realizarán exercicios sobre textos (escritos, orais ou audiovisuais) propostos pola profesora.
Presentación	Presentación dos contidos da materia: os obxectivos son saber cal é a relación que os discentes establecen entre a lingua española e a comunicación audiovisual e cal é a competencia lingüística do alumnado.
Lección maxistral	As horas destinadas ás sesións maxistrais centraranse na explicación dos contidos teóricos da materia.
Debate	Argumentación de ideas sobre temas vencellados á materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Titorías para resolver dúbidas sobre os contidos teóricos da materia
Traballo tutelado	Titorías para resolver as dúbidas sobre os traballos de avaliación tanto individuais como grupais.
Resolución de problemas de forma autónoma	Titorías para planificar as actividades de avaliación e as dúbidas sobre a súa estrutura e realización..
Debate	Titorías para aclarar dúbidas sobre o deseño e as partes do debate

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballo tutelado	1. Escolla dun tema relacionado con algún dos contidos da materia e elaboración grupal dun breve traballo de análise que será presentado de xeito oral na aula. 2. Elaboración dun produto audiovisual "Cal sería atúa biblioteca ideal?" (guión e vídeo) vencellado ao curso In-fórmate coa biblio e aos contidos da materia.	40	A1	B1 B2 B4 B6	C1	D2
Resolución de problemas de forma autónoma	1. Entrega de prácticas de escrita. 2. Preparación e presentación individual, de xeito oral, dun aspecto vencellado á lingua española ("A lingua española nun minuto") 3. Elaboración dunha práctica textual e audiovisual (Tema 4: formas de narrar, recensión, crítica...) vencellada a análise da obra "Canto yo y la montaña baila" (Irene Solá, 2019)	40	A1	B1 B4 B5 B7	C1	D2 D3 D4
Debate	Debate na aula no que se avaliarán: os contidoa expostos, a defensa de argumentos e a expresión oral	10	A1	B2 B4	C1	D1 D2 D3
Observación sistemática	Valorarase a participación activa na aula, tanto na resolución de exercicios como nas preguntas e comentarios que se fagan	10	A1	B6 B7	C1	D1 D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA Farase una avaliación continua a través do seguimento do alumno nos traballos da aula a través da exposición de traballos e a realización de probas. Avaliarase a súa competencia oral, a súa competencia escrita e a aprendizaxe e adquisición de competencias e de coñecementos.

Para superar a materia o alumno ten que realizar todos os traballos estipulados polo profesor (traballos de aula, traballos tutelados, exposicións orais). A entrega de prácticas ou exercicios propostos terá que realizarse na data establecida polo profesor. Fóra dese prazo non serán admitidos. O feito de non entregar algún dos traballos que conforman a avaliación suporá a perda do dereito á avaliación continua e, polo tanto, a obrigatoriedade de facer a proba final na data establecida polo centro.

A nota final será a suma de todas as calificacións obtidas nos traballos do curso.

AVISO: a detección de plaxio nalgún dos traballos suporá a perda do dereito á avaliación continua.

AVALIACIÓN GLOBAL O alumnado que non siga a avaliación continua realizará unha proba final que terá un valor do 100% da nota final, que se realizará nas datas oficiais que estableza o centro. Neste exame haberá unha parte teórica e outra práctica que inclúe tanto exercicios de corrección lingüística, similares aos realizados nas horas prácticas da materia, como a aplicación dos coñecementos adquiridos ao longo do curso. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia dende unha perspectiva aplicada.

As datas dos exames pódense consultar na páxina web da Facultade de

Comunicación: <https://csc.uvigo.es/comunicacion-audiovisual/exames-comunicacion-audiovisual/>

SEGUNDA OPORTUNIDADE O alumnado que non cumpra os requisitos da avaliación continua poderá realizar un único exame na convocatoria de xullo, na data estipulada oficialmente. Este exame terá unha parte teórica e outra práctica (oral e escrita). As datas dos exames pódense consultar na páxina web da Facultade de

Comunicación: <https://csc.uvigo.es/comunicacion-audiovisual/exames-comunicacion-audiovisual/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Agencia EFE, **Fundéu. Buscador urgente de dudas**, fundeu.es, 2020

Bueno Alonso, Jorge L., **La dimensión visual del material literario: ¿Hacia una antropología cinematográfica?**

Adaptación, transvase y rituales filmicos en John Huston's The Dead, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Ovi, 1999

Escandell Vidal, M^a Victoria, **La comunicación**, Gredos, 2005

Herraiz, Elena, **Linguriosa (linguriosa.com)**, youtube, 2019

Instituto Cervantes, **El libro del español correcto. Claves para hablar y escribir bien en español**, Espasa, 2018

Instituto Cervantes, **Lo uno y lo diverso: la riqueza del idioma español**, Planeta, 2021

Montolío Durán, Estrella, **Manual de escritura académica y profesional (Vol. 1 y 2.)**, Ariel, 2017

Sánchez-Escalonilla, Antonio, **Guión de aventura y forja del héroe**, Ariel, 2002

Sánchez Noriega, José Luis, **De la literatura al cine: teoría y análisis de la adaptación**, Paidós, 2000

Solà, Irene, **Canto yo y la montaña baila**, Anagrama, 2019

Tascón, Mario, **Escribir en Internet. Guía para los nuevos medios y las redes sociales**, Galaxia Gutenberg, 2012

Bibliografía Complementaria

Bezos López, Javier (coord.), **Manual de español urgente (Fundéu)**, Debate, 2015

Briz, Antonio, **Saber hablar**, Aguilar, 2008

- Cabrera Infante, Guillermo, **Cine o sardina**, Círculo de lectores, 1997
-
- Costa Sánchez, Carmen & Teresa Piñeiro, **Estrategias de comunicación multimedia**, UOC, 2013
-
- Díaz Fouces, Óscar & Pilar García Soidán, **Redes y retos. Estudios sobre la comunicación en la era digital**, Octaedro, 2016
-
- Escandell Vidal, M^a Victoria, **La comunicación: lengua, cognición y sociedad**, Akal, 2014
-
- Escandell-Vidal, M^a Victoria et al (eds.), **Pragmática**, Akal, 2020
-
- Grijelmo, Alex, **Palabras de doble filo**, Espasa, 2015
-
- Jung, Carl Gustav, **Los arquetipos y lo inconsciente colectivo**, Trotta, 2012
-
- Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, Trea, 2008
-
- Montolío, E., **Cosas que pasan cuando conversamos**, Ariel, 2020
-
- Ong, Walter, **Oralidad y escritura. Tecnologías de la palabra**, Fondo de cultura económica, 2016
-
- RAE, **Diccionario de la lengua española**, <https://www.rae.es/>, 2020
-
- Rico, E. et al., **Saber narrar**, Aguilar/Instituto Cervantes, 2012
-
- Sánchez Lobato, Jesús, **Saber escribir**, Aguilar, 2006
-
- Santiago Guervós, Javier de, **Principios de comunicación persuasiva**, Arco Libros, 2012
-
- Trías, Eugenio, **De cine, Aventuras y extravíos**, Galaxia Gutenberg, 2013
-
- Trueba, Fernando, **Mi diccionario de cine**, Galaxia Gutenberg, 2006
-
- Wolf, Sergio, **Cine/literatura : ritos de pasaje**, Paidós, 2001
-

Recomendaciones

DATOS IDENTIFICATIVOS**Socioloxía: Socioloxía da comunicación**

Materia	Socioloxía: Socioloxía da comunicación			
Código	P04G071V01102			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Lage Picos, Jesús Adolfo			
Profesorado	Lage Picos, Jesús Adolfo			
Correo-e	xalp@uvigo.es			
Web	http://webdep11.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	A materia forma na identificación dos referentes históricos que outorgan relevancia social e cultural á comunicación audiovisual; introduce nos enfoques teóricos da socioloxía da comunicación, e na análise e avaliación crítica da actividade audiovisual no contexto da competencia local, nacional e internacional.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.
B2	Coñecer a realidade político-social do mundo na era da comunicación global.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
C1	Coñecer o uso correcto oral e escrito das linguas oficiais como forma de expresión profesional na industria audiovisual.
C2	Percibir criticamente o mundo audiovisual como froito dunhas condicións sociopolíticas e culturais ligadas a unha época histórica determinada.
C15	Coñecer os fundamentos da historia e teoría da comunicación.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Identificar e comprender as diferencias, desigualdades, distincións e identidades sociais.	A3	
Recoñecer os enfoques teóricos da socioloxía da comunicación.	B1	C2 C15
Analizar a actividade audiovisual no contexto da competencia local, nacional e internacional.	B2	C2
Avaliar criticamente a nova paisaxe audiovisual, as relacións en rede, e as identidades.	A3	B1 B4 C2
Interpretar a realidade político-social do mundo na era da comunicación global.	B2	C1 B5 C15
Expor de xeito adecuado os resultados dos traballos académicos, traballar en equipo e comunicar as propias ideas.	B4	C1
Asumir riscos, aplicando solucións e puntos de vista personais no desenvolvemento dos proxectos.	A3	B1 D3

Contidos

Tema	
1. O papel da comunicación e o xurdimento da sociedade moderna.	. Conxuntura histórica do nacemento da modernidade e a perspectiva socioloxía. . Os media e o desenvolvemento das sociedades modernas.
2. Actores e procesos comunicativos: cambio social, cultura e poder.	. Paradigmas teóricos da interpretación do cambio social, a cultura e o poder. . A globalización e as súas caras. . Axentes, interaccións e redes de poder na esfera dos media.

3. Evolución, orde, conflito, e comunicación de masas nas explicacións sociolóxicas da modernidade.	. Teorías e investigación en comunicación. . A dixitalización e a revolución no sistema de comunicación mediada institucionalmente.
4. As sinerxias entre os procesos de globalización e as tecnoloxías da comunicación.	. Paradigmas mediáticos, estudos e características da opinión pública. . A comunicación mediática, a esfera pública, e a cultura.
5. Innovación, audiencias activas e identidades na sociedade e cultura contemporáneas.	. A era dixital, os referentes mediáticos, a cultura, e a construción das identidades. . A cultura da innovación na nova economía informacional.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28	28	56
Debate	11	5	16
Traballo tutelado	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Traballo	4	12	16
Exame de preguntas obxectivas	1	24	25
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	24	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	O docente introduce e expón os conceptos e contidos de cada un dos temas, informando dos procedementos, textos, ou outros materiais, que permiten seguir as exposicións e afondar na materia.
Debate	Nas sesións de prácticas tentase establecer dinámicas que orienten o traballo persoal de textos e outros materiais que desenvolvan os contidos da materia. Exposición, análise, e discusión aberta entre os estudantes e o docente, sobre cuestións relacionados cos contidos da materia.
Traballo tutelado	Nas sesións de prácticas tentase establecer dinámicas que orienten a elaboración dun traballo de grupo, no que redactar un guión, dramatizalo, e gravalo nun podcast, sobre temas sociais que atinxen á mocidade, acoutados previamente nas clases de prácticas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Seguimento e atención ás dúbidas e problemas que xurdan ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe.
Debate	Seguimento e atención ás dúbidas e problemas que xurdan ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe.
Traballo tutelado	Seguimento e atención ás dúbidas e problemas que xurdan ao longo do proceso de ensino e aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao remate das sesións de practicas realización dun pequeno test de avaliación dos coñecementos adquiridos do tema 1	10	A3 B1 C2 B2 C15
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao remate das sesións de practicas realización dun pequeno test de avaliación dos coñecementos adquiridos do tema 2	10	A3 B1 C2 B2 C15
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao remate das sesións de practicas realización dun pequeno test de avaliación dos coñecementos adquiridos do tema 3	10	A3 B1 C2 B2 C15
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao remate das sesións de practicas realización dun pequeno test de avaliación dos coñecementos adquiridos do tema 4	10	A3 B1 C2 B2 C15
Resolución de problemas e/ou exercicios	Ao remate das sesións de practicas realización dun pequeno test de avaliación dos coñecementos adquiridos do tema 5	10	A3 B1 C2 B2 C15
Traballo	Realización en grupo dun podcast de audio sobre temas sociais que atinxen á mocidade.	10	A3 B1 C1 B2 B4

Exame de preguntas obxectivas	Preguntas tipo test de opción múltiple sobre os contidos dos 5 temas da materia.	26.4	A3	B1 B2	C2 C15
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de exercicios de avaliación continua sobre as lecturas ou materiais audiovisuais introducidos nas clases de teoría e prácticas.	13.6	A3	B1 B2 B4	C1 C2 C15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Seguindo o que establece o Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023), **son dous os sistemas de avaliación continua e global**. O alumnado deberá escoller nas primeiras catro semanas do cuadrimestre entre un dos dous sistemas de avaliación. De optar pola avaliación global, a alumna ou alumno informará ao docente da súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continúa no prazo establecido polo centro para tal fin, axuntado cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin.

O detallado nas metodoloxías recollidas na táboa precedente, corresponde ao **sistema de avaliación continua**. O cálculo da cualificación final neste sistema será ponderado como se especifica na táboa, advertindo que, a media das cualificacións obtidas nos exercicios de avaliación continua e do traballo ha de supor un mínimo dun 5 sobre 10, a mesma cualificación mínima que se terá que obter no exame de preguntas obxectivas e de desenvolvemento a realizar na data da convocatoria oficial. No caso de obter cualificacións inferiores ás requiridas non se fará suma das mesmas; de ser o caso de que a suma dos criterios de avaliación continua adoptados fose igual ou superior a un 5, a cualificación final que se fará constar será de 4,9 [Suspenseo].

A persoa non se presente ao exame constará como Non presentado (N.p.), aínda que fixera seguimento das actividades de avaliación continua.

De optar pola **proba de avaliación global**, na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial, o estudante deberá realizar o mesmo exame de preguntas obxectivas e de desenvolvemento que realice o alumnado acollido ao sistema de avaliación continua (suporá o 40% da cualificación, e ha de obterse un mínimo dun 5). Ademais do anterior, realizará un exercicio de comentario por escrito dun texto proporcionado polo docente do que fará un resumo, identificará as ideas ou datos argumentados relacionándoos cos contidos da materia, e rematará o comentario argumentando a propia opinión persoal razoada sobre o recollido no texto (suporá o 20% da cualificación, e ha de obterse un mínimo dun 5). Por último, fará entrega dun cartafol de recensións sobre un conxunto de textos seleccionados polo docente, dos que se informa na páxina de teledocencia da materia. A recensión é un comentario crítico dun traballo, que pasa por identificar a idea ou ideas principais recollidas, que resume os datos ou argumentos empregados para soste o que se afirma, e que incorpora a súa propia opinión razoada sobre o que se argumenta nos textos. Habilitarase un espazo na páxina de teledocencia para subir unha copia dixital do cartafol, no que se atoparán as referencias dos textos a traballar, e indicacións sobre a extensión e formato (suporá o 40% da cualificación, e ha de obterse un mínimo dun 5). No caso de obter cualificacións inferiores ás requiridas non se fará suma das mesmas; de ser o caso de que a suma dos criterios de avaliación global adoptados fose igual ou superior a un 5, a cualificación final que se fará constar será de 4,9 [Suspenseo].

A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da plataforma MooVi. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e recompilar a información específica e complementaria que sexa precisa para superar a materia.

Na data da segunda oportunidade da convocatoria oficial da materia, manteranse as notas das probas superadas na primeira convocatoria. No caso do alumnado acollido a avaliación continua, cando a media das cualificacións obtidas nos exercicios de avaliación continua e do traballo de grupo fose suspensa, ao non acadar o mínimo dun 5 sobre 10, o día do exame fará entrega dun cartafol de textos, e/ou exercicios que o docente indique no momento da publicación das notas da primeira convocatoria.

No caso do **alumnado acollido á avaliación global** que non o realizara, ou suspendese, o cartafol de textos, poderá facer entrega deste o día do exame.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Ariño, Antonio, **Sociología de la cultura: la constitución simbólica de la sociedad**, Ariel, 1ª ed., 1995

Busquet, J.; Medina, A., **Invitación a la sociología de la comunicación**, UOC, 1ª ed., 2014

Castells, M., **Comunicación y poder**, 1ª ed., Alianza Editorial, D.L. 2009

Himenes, Pekka, **La ética hacker como cultura de la era de la información. En Manuel Castells (ed.). La sociedad red: una visión global**, pp. 505-518., 1ª ed., Alianza Editorial, 2006

Pardo, A.; Sánchez-Taberner, A., **Concentración de la distribución cinematográfica en España**, Anàlisi, 47,37-56, dic., 2012

Pérez García, F. (Dir), **Los medios de comunicación en la era digital**,

https://www.fbbva.es/wp-content/uploads/2023/07/DE_2023_MediosComunicacion_Ivie.pdf, Fundación BBVA, 2023

Thompson, J.B., **Los media y la modernidad. Una teoría de los medios de comunicación**, Paidós, 2003

Vaskes, Irina, **La transestética de Baudrillard: simulacro y arte en la época de simulación total**, Estudios filosóficos, 38,197-219, Agosto 2008

Bibliografía Complementaria

Appadurai, Arjun, **El futuro como hecho cultural. Ensayos sobre la condición global**, 1ª ed., Fondo de Cultura Económica, 2015

Asociación de Investigación de Medios de Comunicación, **Marco general de medios en España**,

https://www.aimc.es/a1mc-c0nt3nt/uploads/2023/02/Marco_General_Medios_2023.pdf, 2023

Baudrillard, J., **Cultura e simulacro**, 1ª ed., Kairós, 1978

Bauman, Z., **Modernidad líquida**, Fondo de Cultura Económica, 2003

Bayoít, G., **El cambio social. Análisis sociológico del cambio social y cultural en las sociedades contemporáneas**, 1ª ed., Siglo XXI, 2008

Beck, U., **La sociedad del riesgo: hacia una nueva modernidad**, Paidós, 2006

Beck, U., **¿Qué es la globalización?: falacias del globalismo, respuestas a la globalización**, Paidós, 1998

Bourdieu, P., **La opinión pública no existe. En Cuestiones de sociología**, Istmo, 1972

Callejo, M.J., **Investigación de audiencias: lost in transition**, <http://dx.doi.org/10.5209/ciyc.64636>, CIC. Cuadernos de Información y Comunicación, 2019

Callejo, M.J., **Audiencias multimedia: múltiples problemas, múltiples intereses. En M. Martínez (coor.), Para investigar la comunicación: propuestas teórico-metodológicas**, pp. 53-82., 1ª ed., Técno, 2008

Recomendaciones

Outros comentarios

Resulta insustituible realizar as lecturas recomendadas e o seguimento doutros recursos para facilitar a comprensión dos contidos da materia, favorecer a participación nas clases, a realización de exercicios, e acadar os resultados de aprendizaxe. É importante que o estudantado coñeza os recursos habilitados na páxina de teledocencia, e os criterios que rexen a avaliación da materia.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Comunicación: Teoría e técnica da imaxe**

Materia	Comunicación: Teoría e técnica da imaxe			
Código	P04G071V01103			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	López Fernández, José Manuel			
Profesorado	García Pinal, Alfredo López Fernández, José Manuel			
Correo-e	josemlopez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Análise da imaxe, tanto estática como en movemento, das unidades que definen a mensaxe icónico e as variables que fundamentan os códigos da linguaxe audiovisual			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
C14	Coñecer e aplicar os recursos, métodos e procedementos empregados na construción e análise dos relatos audiovisuais
C17	Coñecer a imaxe espacial e das representacións icónicas no espazo, tanto na imaxe fixa como en movemento.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Citar, describir e diferenciar as principais teorías e escolas da imaxe.	A1	B5	C14	D1
			C17	
Analizar as imaxes e as súas representacións icónicas no espazo	A1	B4	C14	
		B7	C17	
Interpretar, diferenciar e explicar os compoñentes estético-narrativos (miméticos, simbólicos, arbitrarios) que configuran unha imaxe icónica/audiovisual	A1	B3	C14	D1
		B7	C17	
Analizar e valorar imaxes (fixa e/ou audiovisual) nos diferentes soportes e tecnoloxías audiovisuais	A1	B3	C14	D1
		B4	C17	
		B5		
Apreciar e valorar o conxunto do patrimonio (audio)visual, a través da evolución histórica nas diferentes culturas		B5		D1

Contidos

Tema	
O CONCEPTO DE IMAXE	¿Que é unha imaxe? A imaxe na historia A relación da imaxe coa realidade. ¿Imaxe analóxica=verdade? Mimese e representación ¿Poden enganar as imaxes? 'Fake', trampantollo, espellismo...

A IMAXE DIXITAL	¿Que segue sendo unha imaxe? A imaxe contemporánea. Novas estéticas e novos modos de produción de imaxes: O pixel, o 'glitch', o erro, o 'lo-fi', a autofotografía e a representación do eu. ¿Imaxe analóxica=verdade, imaxe dixital=mentira? Posibilidades e integración das imaxes xeradas por Intelixencia Artificial
A PERCEPCIÓN VISUAL	Imaxes externas e imaxes internas O proceso perceptivo: do mundo ao ollo, do ollo á mirada e da mirada á cognición Teorías fundamentais da percepción visual
A IMAXE ILLADA. ELEMENTOS VISUAIS	Diferenzas entre imaxes illadas e imaxes secuenciais ¿Pódese 'mover' ou pode 'durar' unha imaxe illada? Técnicas básicas de comunicación visual: dimensións temporal e espacial da imaxe Análise das imaxes: elementos morfolóxicos, escalares e dinámicos
A IMAXE DINÁMICA. A COMPOSICIÓN	Fiestras ó mundo I: encadre, marco, campo Fundamentos da composición: a regra dos terzos, a regra do horizonte, a proporción áurea.
A IMAXE SECUENCIAL. O PLANO	Fiestras ó mundo II: encadre, marco, campo, plano e toma Tipoloxías básicas de planos O espazo diexético: o dentro e o fora de campo
A IMAXE SECUENCIAL. A MONTAXE	Montar o tempo: o concepto de montaxe. Unidades de segmentación: plano, escena, secuencia, acto. Tipoloxías básicas de montaxe

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	0	22
Traballo tutelado	0	30	30
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22
Proxecto	24	50	74
Observación sistemática	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumno dispón do horario de titorías para consultar calquera dúbida relativa aos contidos teóricos.
Traballo tutelado	O alumno dispón do horario de titorías para consultar calquera dúbida relativa aos traballos.
Probas	Descrición
Proxecto	O alumno dispón do horario de titorías para consultar calquera dúbida relativa ao proxecto.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	O/A alumno fará un ou varios traballos individuais ou colectivos sobre os contidos da materia.	30	A1 B3 C14 D1 B4 C17 B5 B7
Exame de preguntas de desenvolvemento	Para avaliar os coñecementos teóricos da materia.	30	C14 D1 C17
Proxecto	Os alumnos desenvolverán varios proxectos, individualmente ou en grupo, nas horas prácticas da materia. A asistencia a estas clases é obrigatoria. En caso de ausencia non xustificada, a partires da terceira rebaixarase un 25% a cualificación deste apartado.	30	B3 C14 D1 B5 C17

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumno poderá optar a dous tipos de cualificación: avaliación continua e avaliación global.

1 - Avaliación continua:

Aplicarás as porcentaxes e conceptos anteriores (Exame, Proxecto/s e traballo/s) aos que se sumará a observación sistemática se esta é positiva. A nota final será a nota media dos 4 apartados segundo as súas porcentaxes relativas. Para poder superar a materia, é preciso obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das tres partes principais (Exame, Proxecto/s e traballo/s).

Todos os detalles da estrutura do exame, as declaracións de traballos e prácticas, o calendario de entrega, os criterios de corrección e as cualificacións, publicaranse na plataforma MOOVI. Será responsabilidade do alumno estar atento a esta información, xa que non se facilitará por ningún outro medio.

A asistencia presencial ás sesións teóricas e prácticas no horario establecido é obrigatoria. As prácticas faranse principalmente en clase, polo que a asistencia será controlada. Non se avaliarán traballos e prácticas entregados fóra de prazo e restarán unha porcentaxe na nota final do seu apartado correspondente. En caso de ausencia non xustificada, a partires da terceira rebaixarase un 25% a cualificación deste apartado. Ademais, a asistencia e participación xerais, e en concreto ás clases teóricas, será tida en conta mediante criterios de **observación sistemática**.

Se non se supera algunha das partes da materia, gardaranse as cualificacións das partes aprobadas para a convocatoria de xullo. Na segunda edición (xullo) aplicarase os mesmos criterios. O alumno repetirá as partes non aprobadas e fará, si procede, un novo exame. Tamén se necesitará unha nota mínima de 5 en cada apartado, para superar a materia. Caso de non alcanzala, a cualificación final será a do exame de xullo.

2 - Avaliación global

De acordo a o establecido no Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do alumnado, quen non opte pola modalidade de avaliación continua, terá dereito a unha proba global nas datas que a Facultade determine. Será unha proba única (compuesta de varias partes) e que permitirá cualificar a o alumnado entre 0 e 10, igual que en la avaliación continua. **Esta posibilidade deberá ser solicitada expresamente polo alumno, coa antelación e procedementos que o Decanato da Facultade determine,** e suporá a anulación automática de todas as cualificacións obtidas polo método de avaliación continua.

A proba realizarase na data e horario establecido oficialmente pola Facultade. Terá dúas partes:

Teoría - Será a mesma que a de avaliación continua. Suporá o 50% da cualificación.

Práctica - Esta parte constituirá o outro 50% da cualificación.

A parte práctica incluírá a presentación dun traballo de investigación sobre a materia, que suporá o 30% da nota desta parte práctica, e unha proba técnica relacionada cos contidos da materia, que suporá o outro 70% da nota desta parte práctica. A proba farase empregando os medios e espazos da Facultade despois do exame teórico (2 horas) e terá unha duración máxima de 3 horas até un total de 5 horas.

A cualificación final será a nota media das 2 probas. Non obstante, para superar a materia será preciso obter, como mínimo, un 5 en cada unha das partes.

Na segunda edición (xullo) o método será idéntico o da primeira edición e tamén se necesitará unha nota mínima de 5 para facer a media coa parte práctica.

Todos os detalles da estrutura do exame, material de estudio, enunciados dos traballos, criterios de corrección, así como as cualificacións, serán publicados na plataforma MOOVI.

Será responsabilidade do alumno estar atento a esta información, xa que non se facilitará a través de ningunha outra vía.

Calquera aspecto non previsto nesta guía resolverase en base ó citado Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/565>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

GIL, F. y SEGADO, F., **Teoría e historia de la imagen**, Síntesis, 2011

GUBERN, R., **Del bisonte a la realidad virtual**, Anagrama, 1997

BERGER, J., **Modos de ver**, Gustavo Gili, 2000

- Rodríguez, Ángel, **La dimensión sonora del lenguaje audiovisual**, Paidós, 1998
- VILLAIN, D., **El encuadre cinematográfico**, Paidós, 1997
- SIETY, E., **El plano**, Paidós, 2004
- Douglas Katz, Steven, **Plano a plano: De la idea a la pantalla. Dirección I**, Plot Ediciones, 2000
- Douglas Katz, Steven, **Rodando: La planificación de secuencias. Dirección II**, Plot Ediciones, 2000
- MELOT, M., **Breve historia de la imagen**, Siruela, 2010
- CASETTI, F. y DI CHIO, F., **Cómo analizar un film**, Paidós, 2007
- Bibliografía Complementaria**
- ARHEIM R., **Arte y percepción visual**, Alianza, 1981
- AUMONT, J. y MARIE, M., **Análisis del film**, Paidós, 1990
- AUMONT, J., **La imagen**, Paidós, 1992
- BLOCK, B., **Narrativa visual. Creación de estructuras visuales para cine, video y medios digitales**, Omega, 2008
- BREA, J. L., **Las tres eras de la imagen**, Akal, 2010
- BURCH, N., **El tragaluz del infinito. Contribución a la genealogía del lenguaje cinematográfico**, Cátedra, 1987
- Bordwell, David y Thompson, Kristin, **El arte cinematográfico. Una introducción**, Paidós, 1995
- ECO, Umberto, **La estrategia de la ilusión**, Lumen, 1996
- FERNÁNDEZ DÍEZ, F., **Manual básico de lenguaje y narrativa audiovisual**, Paidós, 1999
- QUINTANA, A., **Después del cine. Imagen y realidad en el cine digital**, Acantilado, 2011
- GOMBRICH, Ernst H., **Los usos de las imágenes. Estudios sobre la función social del arte y la comunicación visual**, Debate, 2003
- Gómez Alonso, R., **Análisis de la Imagen: Estética Audiovisual**, Laberinto Comunicación, 1996
- GUBERN, R., **La mirada opulenta**, Gustavo Hill, 1987
- Gurney, James, **Luz y color**, Anaya Multimedia, 2015
- Jover Ruíz, Fernando, **Control de iluminación y Dirección de Fotografía**, Altaria Editorial, 2016
- KELLNER, D., **Cultura mediática. Estudios culturales, identidad y política entre la modernidad y la posmodernidad**, Akal, 2011
- LUMET, Sydney, **Así se hacen las películas**, Rialp, 2002
- MITCHELL, W.J.T., **Teoría de la imagen**, Akal, 2009
- Molina, César Antonio, **Tan poderoso como el amor**, Destino,
- NICOLÁS, Francisco R., **Colorimetría**, 2ª, ORTV, 2000
- PIERANTONI, R., **El ojo y la idea**, Paidós, 1984
- PINEL, V., **El montaje**, Paidós, 2001
- Rodríguez, Hugo, **Guía completa de la imagen digital**, Marcombo,
- Taibo, Carlos, **Walter Benjamin. La vida que se cierra**, Catarata, 2015
- Zerzan, John, **El crepúsculo de las máquinas**, Catarata, 2015
- ZUMALDE, Imanola, **La experiencia fílmica**, Cátedra,
- Berriain Bañares, Ana (Ed.), **La omnipresencia de la imagen. Estudios interdisciplinarios de la cultura visual**, Global Knowledge, 2017
- Diehl, Victoria (Ed.), **La imagen intermedia. Cuerpo y experiencia en la edad tecnológica**, Global Knowledge, 2017
- Acosta Peña, Raúl Alberto (Ed.), **La metamorfosis de la representación del mundo desde lo audiovisual**, Global Knowledge, 2018

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

- Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais/P04G071V01108
- Comunicación: Teoría e historia da comunicación/P04G071V01106
- Teoría e técnica cinematográfica/P04G071V01109
- Expresión sonora/P04G071V01208
- Xéneros cinematográficos/P04G071V01203
- Guión audiovisual/P04G071V01209
- Narrativa audiovisual/P04G071V01207
- Teoría e técnica da montaxe/P04G071V01204
- Cine de non ficción/P04G071V01301
- Dirección artística/P04G071V01305
- Dirección escénica/P04G071V01312
- Guión, produción e realización de ficción/P04G071V01308
- Realización audiovisual/P04G071V01303

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

- Teoría e técnica da fotografía/P04G071V01105

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Comunicación: Comunicación escrita				
Materia	Comunicación: Comunicación escrita			
Código	P04G071V01104			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Alende Castro, Silvia			
Profesorado	Alende Castro, Silvia			
Correo-e	salende@uvigo.es			
Web	http://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/pdi/silvia-alende-castro			
Descrición xeral	O desenvolvemento e coñecemento da materia Comunicación Escrita deberá facilitar e habilitar ao alumnado para unha mellor comprensión do uso e manexo da linguaxe textual nos medios de comunicación. Para iso analizaranse as técnicas e formas de expresión do discurso, considerando os modelos discursivos, os estilos e os xéneros.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
C12	Coñecer os fundamentos da información xornalística a través dos distintos textos e xéneros ao uso, para a súa aplicación en medios impresos e dixitais.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados previstos na materia				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1.- Identificar, describir e interpretar os fundamentos da información, así como do uso da linguaxe, do estilo e dos xéneros.		B1	C12	
2.- Redactar con fluidez textos e contidos mediáticos adaptados a diferentes situacións e contornas comunicativas.		B4	C12	
3. Demostrar capacidade e habilidade para a análise, síntese, expresión e xuízo crítico.	A1	B5	C12	
4. Buscar e analizar información de fontes diversas; discernir o relevante do irrelevante; e aglutinar datos dispersos.	A1	B1	C12	
5. Analizar textos xornalísticos e empregalos como elemento imprescindible no coñecemento da contorna.	A1	B1	C12	D3
6. Distinguir os elementos noticiosos dun acontecemento e xerarquizarlos segundo a relevancia informativa.	A1	B1	C12	
7. Discernir os aspectos éticos e deontolóxicos esenciais na comunicación dos feitos de actualidade: o uso adecuado das fontes, con precisión e respecto.		B5	C12	D3

Contidos	
Tema	

Tema 1. Escribir para contar o acontecer. Estilo e estruturas da narrativa mediática.	<p>Subtema 1. O relato nos medios: as perspectivas da comunicación. A información, dende a impresión ao audiovisual e internet</p> <p>Subtema 2. A escrita nos medios de comunicación, un estilo propio. Escribir para facerse entender ante un destinatario masivo</p> <p>Subtema 3. Estructuras comunicativas para o relato nos medios: descrición, narración e diálogo</p>
Tema 2. O relato nos medios. Os grandes xéneros.	<p>Subtema 4. A narrativa nos medios: da idea ao relato A orixe das mensaxes: as fontes da información, citación e atribución Como se traslada a realidade: os grandes xéneros</p> <p>Subtema 5. O relato informativo. A noticia e a súa redacción nos medios. Fundamentos, estrutura e criterios de noticiabilidade Titulación Casos de estudo</p> <p>Subtema 6. O relato informativo-interpretativo. A reportaxe. Fundamentos, técnica e tipoloxía Titulación Casos de estudo</p> <p>Subtema 7. O relato informativo-interpretativo. A entrevista Fundamentos, tipoloxía e formulación de preguntas Titulación Casos de estudo</p>
Tema 3. A redacción multimedia e organizacional. Hipertexto e redes sociais.	<p>Subtema 8. Escribir en dixital: o hipertexto, a multimedialidade e as redes sociais</p> <p>Subtema 9. A comunicación nas organizacións, principais documentos e a escrita académica</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	24	50	74
Prácticas con apoio das TIC	23	40	63
Presentación	1	10	11
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Nas sesións presenciais o docente presentará aos alumnos e alumnas os aspectos teóricos máis significativos da materia, proporcionaralles a información e a bibliografía necesaria para desenvolver os temas do programa, e así ter os coñecementos básicos para traballar e poder realizar os exercicios prácticos semanais. Nestas sesións proporcionarase ao alumnado o mínimo necesario para desenvolver o seu traballo de modo autónomo.
Prácticas con apoio das TIC	Nas horas de docencia práctica os alumnos e alumnas terán que realizar os exercicios propostos polo docente: redacción de diferentes textos xornalísticos relacionados co desenvolvemento do contido teórico da materia.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Os alumnos e alumnas recibirán os coñecementos teóricos nas sesións maxistrais, que se desenvolverán nas clases teóricas semanais. O docente orientará ao alumnado na súa correcta evolución na asimilación dos contidos da materia e atenderá ás preguntas e dúbidas expostas.
Prácticas con apoio das TIC	Todas as prácticas realizaranse co asesoramento e co seguimento individualizado do docente para resolver dúbidas e facilitar a aprendizaxe do alumnado.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas con apoio das TIC	A nota media das cualificacións obtidas na execución dos exercicios de redacción propostos nas clases prácticas suporán o 40% da nota final da materia. É necesaria a entrega de todos os exercicios propostos. A falta de asistencia non xustificada afectará á cualificación, restándose 0,2 puntos por falta.	40	B1 B4 B5 B6	C12	D3
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.	20	B1 B5 B6	C12	
Exame de preguntas obxectivas	Os contidos desenvolvidos nas horas presenciais das sesións maxistras avaliaranse a través dunha proba final que suporá o 40% da nota final da materia. É necesario obter polo menos unha cualificación de 5 sobre 10 para aprobar.	40	B1 B5	C12	

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN GLOBAL DA MATERIA

O alumnado deberá informar ao docente da súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo establecido polo centro para tal fin, axuntado cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin.

PROCEDEMENTO

A proba de avaliación global realizarase na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial. O estudante deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación obtendo unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha delas. Dada a extensión das probas o alumnado que se acolla a avaliación global deberá dispor de 4 horas para a realización das mesmas a partir da hora oficial de inicio do exame da materia segundo o calendario oficial.

Breve descrición das probas

Proba 1. Exame teórico. Realizarase o exame teórico previsto para a materia tanto para a avaliación global como continua. O exame será avaliado coas mesmas pautas para todo o alumnado. O exame ten un valor do 40% sobre o total da nota sendo preciso obter unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar esta parte. Unha cualificación inferior non servirá como media coas outras probas.

Proba 2. Traballos prácticos. Facer entrega de dous traballos propostos polo docente. O conxunto dos traballos ten un valor do 40% sobre o total da cualificación. Debe obterse unha cualificación mínima de 5 puntos en cada un dos traballos para superar esta parte. Unha cualificación inferior non servirá como media coas outras probas. Os traballos serán entregados na data e horario do exame. O detalle dos contidos dos traballos, metodoloxías e criterios de avaliación serán facilitados aos estudantes de avaliación global unha vez rematado o prazo de renuncia expresa á avaliación continua.

Proba 3. Análise dun suposto práctico e presentación oral. Tras a elaboración do exame e os traballos prácticos, deberase realizar a análise dun suposto proposto polo docente. O detalle das probas así como os criterios de avaliación será remitido ao alumnado nun prazo non superior a un mes dende a renuncia efectiva a súa avaliación continua. A selección de actividades prácticas, no seu conxunto, ten un peso do 20% sobre o total da cualificación sendo preciso obter unha cualificación mínima de 5 puntos para aprobar esta parte. Unha cualificación inferior non servirá como media coas outras probas.

Resumo das probas e porcentaxe de valoración global do conxunto de tarefas

Proba 1. Exame. Valoración do 40% sobre o total da nota.

Proba 2. Traballos prácticos. Valoración do 40% sobre o total da nota.

Proba 3. Análise de suposto práctico e presentación oral ante o docente. Valoración do 20% sobre o total da nota.

Os estudantes deberán obter unha cualificación mínima de 5 puntos en todas as probas.

*A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da plataforma Moovi. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e recompilar a información específica e complementaria que sexa precisa para superar a materia

SEGUNDA CONVOCATORIA

A forma de evaluación é igual en todas as convocatorias.

Se na primeira convocatoria non se supera unha das partes da materia, o alumnado deberá presentarse á evaluación só desa parte non superada na segunda convocatoria. Se é a parte práctica, deberá repetir todos os exercicios propostos polos docentes ao longo do curso e entregalos na data establecida polo coordinador da materia. Se é o exame que evalúa o contido teórico, deberá presentarse ao exame na segunda convocatoria.

Se non se aproba a materia nas convocatorias do primeiro curso de matrícula (nin na primeira nin na segunda convocatoria), o alumno ou a alumna deberá cursar novamente a materia e debe de adaptarse á guía docente que está vixente nese curso académico. Non se conservarán as cualificacións obtidas en cursos anteriores nin da parte teórica nin da parte práctica da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- CANTAVELLA, J. y SERRANO, J. F. (coords.), **Redacción para periodistas: informar e interpretar**, Ariel, 2004
- CANTAVELLA, J. y SERRANO, J. F. (coords.), **Redacción para periodistas : opinar y argumentar**, Universitas, 2007
- DÍAZ NOCI, J. y SALAVERRÍA, R. (coords.), **Manual de redacción ciberperiodística**, Ariel, 2003
- ECHEVARRÍA LLOMBART, Begoña, **El reportaje periodístico: una radiografía de la realidad**, Comunicación Social, 2011
- EDO BOLÓS, Concha, **Periodismo informativo e interpretativo.El impacto de internet en la noticia, las fuentes y los géneros**, Comunicación Social, 2009
- GRIJELMO, Álex, **La seducción de las palabras**, Taurus, 2000
- LÓPEZ HIDALGO, Antonio, **El titular: manual de titulación periodística**, Comunicación Social, 2001
- MARTÍNEZ ALBERTOS, José Luís, **Curso general de redacción periodística**, 5ª ed. 2ª reimpre., Paraninfo, 2001
- MORENO ESPINOSA, Pastora, **Opinión y géneros periodísticos en la era multimedia**, Universitas, 2012
- YANES MESA, Rafael, **Géneros periodísticos y géneros anexos**, Fragua, 2004

Bibliografía Complementaria

- ANGULO. María (Coord.), **Crónica y mirada. Aproximaciones al periodismo narrativo**, Libros K. O., 2014
- ARMENTIA VIZUETE, J. I. y CAMIÑOS MARCET, J. Mª, **La información. Redacción y estructuras**, Universidad del País Vasco, 1998
- CAPARRÓS, Martín, **Lacrónica**, Círculo de Tiza, 2015
- CASALS CARRO, María Jesús, **Periodismo y sentido de la realidad. Teoría y análisis de la narrativa periodística**, Fragua, 2005
- GARCÍA JIMÉNEZ, Jesús, **Información audiovisual**, Paraninfo, 1999
- GOMIS, Lorenzo, **Teoría de los géneros periodísticos**, UOC, 2008
- GONZÁLEZ, Enric (ed.), **Cada mesa, un Vietnam**, Jot Down Books, 2017
- KAPUSCINSKI, Ryszard, **Los cinco sentidos del periodista**, Fondo de cultura económica, 2003
- MARTÍN VIVALDI, GONZALO, **Curso de redacción : teoría y práctica de la composición y del estilo**, Paraninfo, 2018
- MARTÍNEZ ALBERTOS, José Luís, **El zumbido del moscardón. Periodismo, periódicos y textos periodísticos**, Comunicación Social, 2009
- MARTÍNEZ DE SOUSA, José, **Diccionario de redacción y estilo**, Pirámide, 2015
- MAYORAL, Javier (Coord.), **Redacción periodística en TV**, Síntesis, 2008
- MESANZA LÓPEZ, J., **Hablar y escribir correctamente : barbarismos, impropiedades y dudas en el español oral y escrito**, Wolters Kluwer, 2009
- OLIVA LLÚCIA y SITJÁ XAVIER, **Las noticias en radio y televisión**, Omega, 2007
- PANIAGUA SANTAMARÍA, Pedro, **Información e interpretación en periodismo. Hacia una nueva teoría de los géneros**, UOC, 2009
- QUESADA, Montse, **Curso de periodismo especializado**, Síntesis, 2012
- RAMONEDA, A., **Manual de estilo : guía práctica para escribir mejor**, Alianza, 2008
- RIVAS, Manuel, **El periodismo es un cuento**, Alfaguara, 1997
- ROSENDO KLECKER, Belén de, **El perfil periodístico: claves para caracterizar personas en prensa**, Tecnos, 2010
- SALAVERRÍA, Ramón, **Redacción periodística en internet**, EUNSA, 2006
- SALAVERRÍA, Ramón (et al.), **El mapa de los cybermedios en España**, Espejo De Monografías De Comunicación Social, 2018
- SANTAMARÍA, Luisa y CASALS, Mª Jesus, **La opinión periodística: argumentos y géneros para la persuasión**, Fragua, 2000
- TORRADO MORALES, Susana, **Manual teórico-práctico para la realización de noticias y reportajes en televisión**, Diego Marín, 2007
- VILAMOR, José R, **Redacción periodística para la generación digital**, Editorial Universitas, 2000
- PARRAT, Sonia, **Manual práctico de redacción periodística**, Síntesis, 2017

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**Teoría e técnica da fotografía**

Materia	Teoría e técnica da fotografía			
Código	P04G071V01105			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Lens Leiva, Jorge			
Profesorado	Lens Leiva, Jorge			
Correo-e	jorgelensleiva@gmail.com			
Web	http://www.jorgelens.com			
Descrición xeral	Técnica da práctica fotográfica. Estudio e análise das representacións fotográficas e das técnicas de produción e posprodución.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
C16	Coñecer e aplicar as tecnoloxías audiovisuais (fotografía, cinema, radio, televisión e multimedia) en función das súas capacidades expresivas.
C17	Coñecer a imaxe espacial e das representacións icónicas no espazo, tanto na imaxe fixa como en movemento.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
3 - Axustar medicións satisfactorias con respecto á luminosidade dunha escena e á cantidade de cor dunha fonte de luz	A1	B3 B4 B7	C16 C17	D3
4 - Empregar programas informáticos para o tratamento dixital de imaxes fotográficas		B4 B6 B7	C16 C17	
5 - Desenvolver proxectos fotográficos de tipo persoal onde se asuman riscos expresivos e temáticos		B3 B4 B6 B7	C16 C17	
6 - Ser consciente de que a fotografía implica unha toma de conciencia responsable e ética coas persoas e a contorna que nos rodea		B5 B6		D3
Básicamente, o docente incidirá no desenvolvemento axeitado da práctica fotográfica, de modo que o alumnado ao rematar a asignatura tería que ter incrementada a súa solvencia e destreza referidas á toma de fotografías.		B3 B4 B7	C16 C17	

Contidos

Tema	
1. Técnica fotográfica I.	Parámetros fundamentais da cámara: 1.1 Enfoque 1.2 Diafragma 1.3 Tempo de exposición

2. Técnica fotográfica II.	2.1 Valor de exposición 2.2 Sensibilidade. Escala ISO 2.3 Tipos de medición da luz. Matricial. Ponderada. Puntual 2.4 Elección da exposición: Luz uniforme. Luz irregular. 2.5 HDR. Casos especiais
3. Técnica fotográfica III.	3.1. Orientación da luz con respecto á cámara 3.2. Profundidade de campo 3.3. Tipoloxía dos obxectivos 3.4. Temperatura cor. Balance de brancos 3.5. O flash
4. Técnica fotográfica IV	Trucos de composición 4.1. Engadir elementos en primeiro plano 4.2. Establecer relacións entre elementos 4.3. Reencadrar con algún elemento do primeiro plano 4.4. Facer fotos a través de algún elemento 4.5. Forzar o encuadre hacia un punto de interés 4.6. Saturación de cor e textura 4.7. Lei do movemento e da mirada 4.8. Encher ou distribuir o encadre de elementos 4.9. Destacar o motivo principal do fondo 4.10. Manter a liña do horizonte horizontal 4.11. Luz suxerente
5. Historia da fotografía I. Antecedentes históricos da fotografía e primeiras manifestacións fotográficas.	5.1 A cámara oscura. 5.2 Pioneiros. Niepce, Daguerre, Fox Talbot 5.3 Funciones da fotografía: Sociedades Heliográficas, Muybridge, Marey, Disderí, Nadar 5.4 A cámara Kodak 5.5 O asociacionismo: Photo Club, Photo Secession (Stieglitz) 5.6 O Grupo f64 (Weston)
6. Historia da fotografía II. Desde o pictorialismo ata os nosos días. Autores e tendencias.	6.1 Nova Visión (Man Ray, Rodchenko, Moholy Nagy). 6.2 Nova Obxetividade (Blossfeldt, Sander). 6.3 Documentalismo: Cartier Bresson, Doisneau, Manuel Ferrol, Catalá Roca 6.4 Street Photography en EEUU (años 50): Robert Frank, William Klein, Lee Friedlander, Diane Arbus). 6.5 Escola de Madrid. 6.6 Eggleston
7. A representación fotográfica contemporánea. Autores representativos e tendencias.	7.1 O retrato na fotografía contemporánea 7.2 A paisaxe na fotografía contemporánea 7.3 A fotografía construída na fotografía contemporánea 7.4 O documentalismo na fotografía contemporánea

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Obradoiro	23	23	46
Lección maxistral	22	44	66
Exame de preguntas obxectivas	2	5	7
Práctica de laboratorio	3	28	31

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Obradoiro	Actividades fotográficas enfocadas á asimilación dos contidos teóricos da materia, así como á posta en práctica da técnica fotográfica a través da titorización en grupo e individual do profesor.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos teóricos en torno á evolución da fotografía (desde os antecedentes fotográficos ata os autores contemporáneos), así como sobre aqueles aspectos relativos á técnica fotográfica que logo se porá en práctica nas horas de obradoiro correspondentes.

Atención personalizada

Probos	Descrición
Práctica de laboratorio	Atención individualizada ao desenvolvemento das tarefas prácticas coa cámara fotográfica

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Obradoiro	60	
Os talleres evaluaránse de xeito continuo e personalizado a través dos 3 traballos fotográficos prácticos que haberá que presentar ao longo do curso. Se o alumno opta por non facer a proba escrita (exame final), estes traballos constituirán o 100% da nota final. No caso de presentarse ao examen final, a nota final do alumno será a seguinte: <u>calificación do exame (40%) e nota media dos traballos (60%)</u> .		
Lección maxistral	40	A proba será voluntaria e constituirá o 40% da nota en caso de facerse. Consistirá en preguntas curtas relacionadas cos contidos vistos na clase. Terán especial relevancia as preguntas dedicadas á asimilación da práctica fotográfica (escala de diafragmas e de velocidades). No caso de realizar esta proba, o seu valor será o 40 por cento da nota final xa que o outro 60% correspondería á nota media dos traballos prácticos.

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os sistemas de avaliación dividiranse en dúas modalidades: metodoloxías de avaliación continua e metodoloxías de avaliación global.

AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación continua é a metodoloxía habitual de avaliación e empregárase por defecto para cualificar o alumnado.

O alumnado que opte por esta modalidade deberá asistir regularmente ás clases da materia, entendendo como tal unha asistencia non inferior ao 75% das clases teóricas e prácticas.

Nesta opción de avaliación, o alumnado realizará **3 traballos prácticos aproximadamente** ao longo do curso que suporán o 100% da nota final da materia. Cada un dos traballos terá o mesmo valor con respecto á nota final da materia. Dado que esta avaliación é de tipo continuo, o feito de non presentar un traballo suporía un NON PRESENTADO na cualificación final da materia.

Existe a posibilidade voluntaria de realizar un exame final nas datas que estableza o decano ao comezo do curso. Se realizas esta proba, a nota do exame suporá o 50% da nota final, mentres que a nota do traballo representará o 50% da nota final. Para as seguintes convocatorias tamén será necesario entregar os traballos prácticos, tomando como referencia o traballo asignado no curso académico no que se realice o exame. Así mesmo, as porcentaxes da nota final son as mesmas, é dicir, traballo práctico (50%) e exame escrito (50%).

AVALIACIÓN GLOBAL

O sistema de avaliación por defecto da Universidade de Vigo é o sistema de avaliación continua. Aqueles alumnos que opten polo sistema de avaliación global deberán seguir as seguintes pautas.

O alumno deberá comunicar ao profesorado a súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo que o centro estableza para o efecto (un mes), achegando o documento requirido cuberto e asinado ao profesor.

Pautas o día da avaliación:

A proba global de avaliación realizarase na data e hora que estableza o centro no calendario oficial de exames. O alumno deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación que se detallan a continuación, obtendo unha nota mínima de 5 puntos en cada unha delas. Dada a duración das probas, o alumnado que realice a avaliación global deberá dispor de 5 horas (descanso non incluído) para realizalas desde a hora oficial de inicio do exame da materia segundo o calendario oficial.

O alumno deberá superar todas e cada unha das seguintes probas de avaliación que se detallan a continuación cunha nota mínima de 5.

Breve descrición e porcentaxe de avaliación das probas:

PROBA 1: Exame. Os alumnos que realicen a avaliación integral realizarán o mesmo exame con preguntas obxectivas que o exame voluntario para os alumnos que realicen a avaliación continua. Mesmo día, mesmo horario, mesmas pautas. O exame, en todas as súas partes, ten un peso do 40% da nota total. Requírese unha puntuación mínima de 5 para superar esta parte. Con menos de 5 non se obtén media, aínda que se superen o resto das probas.

PROBA 2. O día do exame oficial deberán entregarse os 3 traballos propostos polo profesorado. O conxunto de traballos propostos ten un peso do 30% da nota total. Será necesario obter unha nota media mínima de 5 dos traballos para superar esta parte. Os traballos deberán ser entregados ao profesor mediante un Pendrive ou calquera outro procedemento antes da realización do exame, polo que para realizar o exame é imprescindible que o profesor reciba as 3 prácticas do alumno con antelación.

PROBA 3. Unha vez rematado o exame, e despois dos descansos entre probas que se establezan legalmente, o alumno asistirá preferentemente á aula onde se impartiron as clases prácticas, acompañado polo profesor da materia, aínda que esta proba tamén se poderá realizar no calquera outro espazo, tanto dentro como fóra da facultade. O alumno deberá realizar unha proba práctica que consistirá na realización do tipo de fotografías que foron realizadas nas clases prácticas da avaliación continua, onde se verá a solvencia do alumno en relación coa técnica fotográfica: enfoque, control da exposición, profundidade. de campo. , composición, etc.) A proba terá unha duración máxima de 30 minutos desde o inicio. O detalle das tarefas a realizar, os prazos e os criterios de avaliación serán explicados ao alumno na aula. Esta proba, no seu

conxunto, ten un peso do 30% da nota total. Con menos de 5 non se obtén media, aínda que se superen o resto das probas.

Resumo das probas e porcentaxe de avaliación global do conxunto de tarefas que supón esta proba

□ Proba 1 (P1): Exame. Valoración do 40% da nota total.

□ Proba 2 (P2): Entrega de traballos prácticos. Valoración do 30% da nota total.

□ Proba 3 (P3): Práctica na aula. Valoración do 30% da nota total.

$P1(40\%) + P2(30\%) + P3(30\%) = 100\%$ da nota

Establécese unha vez máis que, para superar a materia, é imprescindible a superación de todas as probas (1, 2 e 3) no tempo e forma. Cunha nota inferior a 5 non se sacará media de ningunha das probas, aínda que se superen o resto das probas. Polo tanto, o alumno deberá obter unha nota mínima de 5 en todas as probas para aprobar a materia.

Outros aspectos a ter en conta

Os materiais para o estudo da materia serán os subidos a Moovi e os apuntes das sesións impartidas na aula, tanto en sesións teóricas como prácticas. É responsabilidade do alumno coñecer a información subida a Moovi e recoller as notas e documentación non subidas a Moovi que sexan obxecto de exame e/ou explicacións das diferentes probas de avaliación. A guía docente establece o enfoque xeral da materia pero podería haber detalles máis específicos sobre o sistema xeral de avaliación que se xestionaría a través da plataforma Moovi.

Para todo o non contemplado e/ou expresamente detallado nesta guía, tomaranse como referencia as indicacións da Normativa de avaliación, cualificación e calidade docente e do proceso de aprendizaxe do alumnado (Aprobada polo claustro o 18 de abril de 2023). Dispoñible en: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/565>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BARTHES, Roland, **La cámara lúcida**, Paidós Ibérica, 1995

DALY, Tim, **Manual de fotografía digital**, Taschen Benedikt, 2000

FONTCUBERTA, Joan, **El beso de Judas**, Gustavo Gili, 1997

LANGFORD, Michael, **La fotografía paso a paso**, Hermann Blume, 2004

LÓPEZ MONDÉJAR, Publio, **Historia de la fotografía en España**, Lunwerg, 1997

SONTAG, Susan, **Sobre la fotografía**, Alfaguara, 2005

MARZAL FELICI, Javier, **Cómo se lee una fotografía. Interpretaciones de la mirada**, Cátedra, 2008

FREUND, Gisèle, **La fotografía como documento social**, Gustavo Gili, 2001

PETERSON, Bryan, **Los secretos de la fotografía (Guía de campo)**, Tutor, 2010

CARROLL, Henry, **Lea este libro si desea tomar buenas fotografías**, Blume, 2017

KELBY, Scott, **Iluminar, disparar y retocar. Conseguir fotografías de máxima calidad**, Anaya Multimedia., 2012

ARIAS, Zack, **Fotografía. Preguntas y respuestas**, Anaya Multimedia., 2014

MEOLA, Christa, **Fotografía boudoir. El arte de la sensualidad**, Anaya Multimedia. Colección Photo Club, 2013

duCHEMIN, David, **Mercaderes de imágenes. La fotografía como pasión y profesión**, Anaya Multimedia., 2010

RIVAS, Rodrigo, **Fotografía de calle. Memoria de la ciudad**, Anaya Multimedia. Colección Photo Club, 2017

Bibliografía Complementaria

EGUIZÁBAL MAZA, Raúl, **Fotografía publicitaria**, Cátedra, 2001

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dirección de fotografía/P04G071V01205

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Comunicación: Documentación audiovisual/P04G071V01107

Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais/P04G071V01108

DATOS IDENTIFICATIVOS**Comunicación: Teoría e historia da comunicación**

Materia	Comunicación: Teoría e historia da comunicación			
Código	P04G071V01106			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Román Portas, María Mercedes			
Profesorado	Alende Castro, Silvia Doval Avendaño, María Montserrat Román Portas, María Mercedes			
Correo-e	mroman@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	*Fundamentación teórica da comunicación como actividade e como campo de estudo. Coñecer mellor a natureza da comunicación. Pensar e reflexionar na comunicación. A Teoría da comunicación é algo preciso na nosa sociedade, configurada case por completo pola comunicación.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
C15	Coñecer os fundamentos da historia e teoría da comunicación.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Coñecer a historia e evolución dos medios de comunicación colectiva, ademais da súa relevancia social e cultural ao longo do tempo. Coñecer a natureza da comunicación.	B1 C15 B3 B6
2. Coñecer a relación existente entre a evolución da sociedade no mundo contemporáneo e o ámbito da comunicación.	A1 B6
3. Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados. Coñecer cientificamente a comunicación como realidade e como campo de estudo.	B1 C15 B6
4. Saber describir e diagnosticar as cuestións fundamentais da comunicación na sociedade actual.	A1 B1 C15
5. Expor de forma adecuada os resultados dos traballos académicos de maneira oral ou por medios audiovisuais ou informáticos conforme aos canons das disciplinas da comunicación	B4
7. Demostrar ter conciencia solidaria: respecto solidario polas persoas e civilizacións do planeta	B5
8. Coñecer as grandes correntes culturais en relación cos valores individuais e colectivos e respecto polos dereitos humanos	B1 B5

Contidos

Tema	
Parte *I: Teoría da comunicación	1. Introducción á teoría da comunicación 2. Os elementos da comunicación 3. As accións *comunicativas
Parte *II: Teoría da comunicación	*II. 1. Elementos subxectivos. *II. 2. Elementos obxectivos. *II. 3. Elementos *práxicos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	16	16	32
Prácticas con apoio das TIC	16	16	32
Resolución de problemas	7	0	7
Lección maxistral	15	56	71
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	6	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	Comentarase artigos e vídeos relacionados co temario. Farase tamén un traballo en equipo sobre unha película de cine en que se reflectan contidos da teoría.
Prácticas con apoio das TIC	Haberá prácticas puntuais (presenciais) nas que se terá en conta a asistencia. Ademais elaborárase (por grupos) un vídeo de 15 minutos aproximadamente sobre o proceso da comunicación, con escenas dunha ou máis películas. Cada día que haxa práctica presencial cada grupo ten que entregar por escrito a evolución do traballo do vídeo sobre o proceso de comunicación.
Resolución de problemas	mediante *tutorías
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderase aos alumnos en *tutorías
Prácticas con apoio das TIC	Atenderase aos alumnos en *tutorías
Traballo tutelado	Atenderase aos alumnos en *tutorías

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Traballo en equipo sobre unha película de cine onde se reflectan contidos da materia. Estudo e debate sobre artigos e vídeos. Observación sistemática.	20	A1 B4
Prácticas con apoio das TIC	Realización dun traballo sobre o proceso de comunicación. Elaboración dun vídeo de 15 minutos aproximadamente con escenas dunha ou máis películas. E outras prácticas presenciais	20	B4 B5
Lección maxistral	Asistencia a clase (10%) Proba escrita sobre o contido do libro de texto da materia: Teoría da Comunicación, unha proposta (10%)	20	B1 C15 B4
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	40	B1 B3 B6

Outros comentarios sobre a Avaliación

En todas as clases presenciais se tendrá en conta a asistencia. Para sumar as notas dos distintos items haberá que acadar un 20% no examen de preguntas de desenvolvemento

AVALIACIÓN GLOBAL DA MATERIA

A proba de avaliación global realizarase na data e horarios previstos polo centro no calendario de exames oficial. O estudante deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación obtendo unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha delas. Dada a extensión das probas o alumnado que se acolla a avaliación global deberá dispor de 4 horas para a realización das mesmas a partir da hora oficial de inicio do exame da materia segundo o calendario oficial.

Evaluación Global: exame final sobre o Temario da materia (40%)

Entrega dun vídeo de 15 minutos sobre o proceso de comunicación con escenas dunha ou mais películas (40%)

Comentario de texto onde se demostre que se detectan os temas correspondentes á materia e que se saben explicar e argumentar (20%)

Segunda oportunidade: os mesmos criterios que na primeira. Na avaliación continua téñense en conta as notas obtidas nos distintos apartados e repítese o exame.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Manuel Martín Algarra, **Teoría de la comunicación: una propuesta**, 1 y 2, Tecnos, 2003 y 2006

José López Yepes, **Introducción a la ética de la información periodística en el cine**, 1, Instituto de la Comunicación Académica, 2016

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**Comunicación: Documentación audiovisual**

Materia	Comunicación: Documentación audiovisual			
Código	P04G071V01107			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Doval Avendaño, María Montserrat			
Profesorado	Doval Avendaño, María Montserrat			
Correo-e	montse.doval@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é transmitirle ao alumno a importancia da Documentación no desenvolvemento da actividade dos profesionais da Comunicación, encádrese esta no campo da Información, a Ficción ou a Persuasión. E ao mesmo tempo, proporcionarlles as técnicas documentais necesarias para o seu traballo futuro diario, coñecendo e manexando as fontes de información básicas que lles permitan contrastar datos e informacións.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
C7	Coñecer e aplicar as técnicas de documentación audiovisual.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1. Recoñecer o papel e as funcións do departamento de documentación nun medio audiovisual.	C7	D1	
2. Analizar, organizar e sintetizar a información	B4		
3 - Avaliar as diversas fontes de información e determinar a súa idoneidade de acordo co tipo de formato, medio e mensaxe a transmitir	B3 B6	C7	
4- Recoñecer o proceso documental e o uso de linguaxes documentais		C7	D1
5 - Utilizar distintos tipos de fontes de información para a elaboración de mensaxes informativas audiovisuais	B3 B5 B6 B7	C7	
6 - Comprender a importancia da precisión ao a hora de seleccionar, analizar, resumir e documentar os textos escritos e audiovisuais con vistas á súa posterior recuperación	B3 B6	C7	D4

Contidos

Tema	
Introdución á documentación	A documentación como ciencia Funciones da documentación audiovisual Concepto de documento Mellorar as procuras *online
Mellorar as procuras. Fontes de información documental e bases de datos	O proceso de procura Fontes de información Basees de datos

A información e a documentación	Síntese e antecedentes históricos A documentación en España Labor documental nos medios
A documentación fotográfica	Fitos históricos O documento fotográfico Códigos icónicos e buscadores
A documentación radiofónica e televisiva	O ámbito documental na radio e a TV Tipos de documentos O arquivo
Documentación cinematográfica	O "filme *researcher" Documentación en series e películas
A documentación e a verificación nos medios dixitais	Xeolocalización e verificación de contidos audiovisuais Etiquetaxe e curación de contidos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	15	40	55
Flipped Learning	25	25	50
Exame de preguntas obxectivas	1	12	13
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	22	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Nas horas de docencia práctica os alumnos terán que realizar os exercicios propostos polo docente relacionados co desenvolvemento do contido teórico da materia.
Flipped Learning	O alumnado leva a iniciativa para preparar previamente as sesións teóricas, achegando contidos e exemplos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Todas as prácticas realizaranse co asesoramento e co seguimento individualizado do/a docente para resolver dúbidas e facilitar a aprendizaxe do alumnado.
Flipped Learning	O alumnado pode dirixirse á/o docente sempre que o considere necesario, tanto nas sesións de grupo como na titoría.
Probos	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	A práctica final realizarase co asesoramento e co seguimento individualizado do/a docente para resolver dúbidas e facilitar a aprendizaxe do alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	É obrigatoria a asistencia e a entrega de todos os traballos.	30	B3 B4 B6 C7 D1
Flipped Learning	Resultados do test realizados en clase e a participación	10	B4 B5 B6 B7 C7 D1
Exame de preguntas obxectivas	Exame tipo test dos contidos traballados nas sesións teóricas e co manexo da bibliografía	30	B4 B5 C7
Resolución de problemas e/ou exercicios	Entrega da solución dun exercicio de documentación audiovisual en forma de dossier documental.	30	B4 B5 B7 C7 D1 D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

É necesario superar tanto a parte teórica como a práctica da materia. Unha nota inferior a 2 en teoría (flipped e exame) ou a 3 na suma das prácticas e do dossier non fará media coa outra parte. As prácticas de laboratorio terán un peso cada vez maior na nota.

No caso das horas prácticas, as faltas non xustificadas restarán á nota final.

Na convocatoria de xullo examínase a parte suspensa (teoría e/ou práctica).

A nota non se garda en ningún lugar para outros cursos.

O alumnado deberá comunicar ao profesorado a súa renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo que estableza o centro, cubrindo e asinando o documento autorizado para o efecto.

ENLACE AO PROCEDEMENTO.

AVALIACIÓN GLOBAL DA MATERIA

A proba global de avaliación realízase na data e horario que o centro indique no calendario oficial de exames. O alumno deberá superar todas e cada unha das probas de avaliación previstas que se detallan a continuación, obtendo unha puntuación mínima de 2 puntos na parte teórica e 3 nas probas prácticas. Unha valoración máis baixa significa que non se fará media coa outra parte.

Breve descrición das probas

Proba 1. Exame teórico. O exame será avaliado coas mesmas pautas para todos os alumnos pero ten un valor de 40% da nota total.

Proba 2. Traballo práctico. Entregar 10 traballos propostos polo profesor. O conxunto ten un valor do 30% da cualificación total e a entrega será a través da plataforma Moovi. A data límite será a **data e hora da última sesión práctica do curso**. Os detalles do contido do traballo daranse a coñecer na plataforma Moovi cunha antelación mínima dun mes, polo que o alumnado deberá acudir a esa plataforma para coñecer os requisitos.

Proba 3. Entrega do dossier documental a través da plataforma Moovi coa **data límite o día e hora da última sesión práctica do curso** que supón o 30% restante da nota. Corresponde ao alumnado comprobar as características do dossier e a súa avaliación en Moovi.

Resumo das probas e porcentaxe de valoración global do conxunto de tarefas

1. Exame. Valoración do 40% da nota total.
2. Traballo práctico. Valoración do 30% da nota total.
3. Dossier. Valoración do 30% da nota total.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Caldera Serrano, Jorge y Arranz Escachar Pilar, **Documentación audiovisual en televisión**, UOC, 2012

CUADRA COLMENARES, Elena de la., **Documentación cinematográfica : roles y fuentes del documentalista en el cine**, UOC, 2013

GALDÓN LÓPEZ, Gabriel (coord.), **Teoría y Práctica de la documentación para comunicadores**, Ariel, 2008

López Carreño, Rosana, **Fuentes de información : guía básica y nueva clasificación**, UOC, 2017

SÁNCHEZ VIGIL, Juan Miguel y SALVADOR BENÍTEZ, Antonia, **Documentación fotográfica**, UOC, 2013

Bibliografía Complementaria

Gómez-Díaz, Raquel, **Etiquetar en la web social**, UOC, 2012

Guallar, Javier, **El content curator : guía básica para el nuevo profesional de internet**, UOC, 2013

López de Solís, Iris, **El "Film researcher"**, UOC, 2013

LÓPEZ YEPES, José (Coord.), **Manual de Ciencias de la Documentación**, Pirámide, 2006

MALDONADO MARTÍNEZ, Angeles (coord.), **La información especializada en internet**, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2006

Nuño Moral, María Victoria, **Documentación en el medio radiofónico : hacia un entorno digital**, Síntesis, 2007

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Comunicación radiofónica/P04G071V01110

Comunicación: Teoría e historia da comunicación/P04G071V01106

Materias que se recomenda ter cursado previamente

DATOS IDENTIFICATIVOS**Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais**

Materia	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais			
Código	P04G071V01108			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Pérez Feijoo, Paulino Emilio			
Profesorado	Bellón Rey, Leticia Pérez Feijoo, Paulino Emilio			
Correo-e	paulipe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo e capacitación na tecnoloxía, a análise e a expresión de formas, medios e técnicas audiovisuais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código			
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo		
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.		
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.		
C19	Xestionar con eficacia a comunicación nas redes sociais.		
C21	Coñecer e aplicar as técnicas e procesos de produción e realización audiovisual nos formatos e soportes contemporáneos.		
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.		
D2	Comunicar por oral e por escrito na legua galega.		

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
2 - Coñecemento teórico-práctico e aplicación das tecnoloxías aos medios de comunicación audiovisuais (tv, radio, cine e internet)	C19 C21	D1
3 - Capacidade para desenvolver medicións sinxelas vinculadas coa cantidade de luz e a calidade cromática durante o proceso de gravación das imaxes	B3 B6	C19 C21
4 - Capacidade para desenvolver medicións sinxelas vinculadas coas cantidades e calidades do son durante o proceso de gravación do audio.	B3 B6	C19 C21
5 - Habilidade para o uso adecuado de ferramentas tecnolóxicas, especialmente informáticas, nas diferentes fases do proceso de edición de imaxes	C19	
6 - Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común destinado á obtención de resultados	A1	D2
7 - Sensibilidade, respecto e necesidade de conservación do patrimonio cultural e audiovisual de Galicia e do mundo	B6	

Contidos

Tema	
------	--

1 - Introducción á tecnoloxía audiovisual.	<p>1 - Fundamentos técnicos do cinematógrafo: antecedentes. Cámara e proxector de cine.</p> <p>2 - Evolución da tecnoloxía cinematográfica: formatos, películas, do branco e negro ao 3D.</p> <p>3 - Convencións da linguaxe cinematográfica.</p> <p>4 - Tecnoloxía da televisión: antecedentes. A primeira emisión televisiva. Exploración entrelazada. Televisión en cor. Sistemas de televisión (PAL, SECAM, NTSC) TDT, cabo, satélite e IP. Televisión dixital: SD e HD</p> <p>5 - O vídeo: cámaras e formatos. A invención e desenvolvemento do magnetoscopio. Vídeo analóxico y vídeo dixital.</p> <p>6 - A contribución do vídeo e a televisión á linguaxe audiovisual.</p>
2 - A cámara de vídeo.	<p>1 - Introducción. Alimentación. Soportes de cámara. Trípodes. Baterías. Tipos de cámaras de vídeo.</p> <p>2 - Morfoloxía da cámara de vídeo.</p> <p>3 - Sistema óptico: obxectivos, foco, distancia focal, profundidade de campo, iris, obturación, servos, filtros.</p> <p>4 - Sistema electrónico: CCD, CMOS, sinal de vídeo, compoñentes de cor, sistemas de gravación, vídeo dixital: resolución, mostreo, profundidade de cor e cadencia, normas 4:4:4, 4:2:2, 4:2:0. Codificación e parámetros técnicos do sinal de vídeo.</p> <p>5 - Formatos de vídeo.</p>
3 - Tecnoloxía do son.	<p>1 - Percepción e significado: fisioloxía, tono, timbre e intensidade. Medidas do son.</p> <p>2 - Toma de son: micrófonos, mesturas, amplificadores, monitorización do sinal de audio (picómetro, vúmetro, caixas acústicas). Procesadores de son. Sistemas de rexistro sonoro. Conexións de audio.</p> <p>3 - Sintaxe sonora: plano sonoro. Voz, música, efectos. O valor do silencio.</p> <p>4 - Audio dixital: dixitalización do son: frecuencia de mostraxe, número de bits. Formatos.</p>
4- Iluminación.	<p>1 - Percepción: luz. Espectro electromagnético. Cor: síntese aditiva e subtractiva. Luz natural.</p> <p>2 - Luz artificial: tungsteno, HMI, luz fría, luz directa (Fresnel), luz difusa, luz reflectida.</p> <p>3 - Medidas da luz: intensidade, unidades. Fotómetro. Conversión de fontes luminosas. Temperatura de cor.</p> <p>4 - Fontes de iluminación: focos e proxectores. Filtros de difusión. Filtros correctores.</p> <p>5 - Iluminación creativa: aspectos teóricos e estética da iluminación. Iluminación básica de tres puntos.</p>
5 - Principios básicos de edición dixital de vídeo.	<p>1 - A montaxe. Principios xerais. Tipoloxías da montaxe.</p> <p>2 - A imaxen dixital: bytes y bits. Resolución, mostreo, profundidade de cor, cadencia, compresión. Formatos de vídeo. Tamaño dos arquivos.</p> <p>3 - Dixitalización de vídeo. Parámetros básicos da importación e exportación de vídeo. Compresores.</p> <p>4 - Edición con DaVinci Resolve. Principios xerais da edición por corte. Efectos e transicións.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
--	---------------	--------------------	--------------

Resolución de problemas de forma autónoma	0	25	25
Lección maxistral	25	0	25
Prácticas de laboratorio	25	50	75
Exame de preguntas obxectivas	0	5	5
Práctica de laboratorio	0	10	10
Observación sistemática	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Traballos que o alumnado deberá realizar de forma autónoma mediante traballos en equipo e individuais.
Lección maxistral	Explicación dos contidos teóricos.
Prácticas de laboratorio	O alumnado realizará exercicios prácticos de cámara, toma de son, iluminación e edición de vídeo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	En titorías
Resolución de problemas de forma autónoma	En titorías
Prácticas de laboratorio	

Probas	Descrición
Práctica de laboratorio	

Avaliación

